



Un ano sen Paco Rin-Ran e Carmiña do Cruseiro

Ghillerme Inasio. Gaitheiro

Os invernos, mesmo tendo festas polo medio, son perigosos. O inverno de hai un ano levounos dúas persoas moi importantes para a tradición musical no Concello de Bueu. Eran Francisco Estévez, Ghaiteiro d'A Portela e alma dos Airiños do Liboreiro; e Carme Buezas, Carmiña do Cruseiro ou das Marianas, inmensa cantadeira do Norte.

Lembro ben a primeira vez que estiven con eles.

A visita a Carmiña foi a miña primeira recolla de campo, cos medios que no ano 98 podiamos ter catro moz@s de Manxadoira. Á dese día seguíronlle moitas outras ao longo do tempo, facéndonos realmente amigos até que o inverno

pasado nola levou. Recordo as tardes sentados na súa ventá, escoitando cantares sempre novos, contos, historias da súa vida... Nunca esqueceré cando fixemos a curiosa receita do Bandullo de Pascua con rustrido, nin o especial daquelas antigas melodías que sobrevivían na súa impresionante memoria: o cantar do Nadal, as Comparsas dos tempos da República, os cantares do Xoves Santo, da voda, as innumerables coplas para o baile que súa madriña lle aprendera... Nin aquela vez nas vésperas de Darbo que sendo rapaza pequena lle gañou ao Pesquella de Cela a botar coplas a desafío, e cos cartos que lle botou a xente xuntou para mercar o xénero co que súa madriña lle fixo un vestido... De tanto llo escoitar case me parece que eu mesmo estaba aló, no ano trinta no adro de Darbo, a lle botar un patacón.



Catro ou cinco anos despois coñecín a Paco, cando desde a Banda de Gaitas se lle fixo a homenaxe conxunta con Manuel Gómez. Malia levar xa tempo impedido para tocar a ghaita, nunca deixara a música. Agora a filharmónica, agora argallar historias cantadas que compartía coa súa muller Manuela e familia... Logo da homenaxe volvíñ, xa con mellores medios, facer unhas gravacións nas que poder plasmar con xeito a arte deste marabilloso matrimonio, sempre coa porta aberta aos amigos. Lembro ben aquelas tardes a tocar a filharmónica, cantar e mesmo botar uns puntos con Manuela na cociña, arredor dunha bandexa de pasteis, algo de beber e unha boa parolada. A xota, a muiñeira, o pasodobre, a asturianada, as Navidás de Coiro que aínda lembra Manuela, o himno dos Airiños do Liboreiro, o punteiro vello co que Paco me agasallou e que con

tanto orgullo gardo... A última vez ía co compañeiro Rubén de Retrouso levarlle o CD co resultado das gravacións, pero a enfermidade fixo que tiveramos que vir cos pasteis de volta e o corazón engurrado: perdiamos a Paco.

O Inverno pasado levovos a Paco e Carmiña, pero sempre seguiredes dentro dos que vos coñecemos, xa non só polas músicas que de vos herdamos tan gustosos, senón porque amais de grandes informantes tamén fostes grandes AMIGOS. Xa lle botaremos unhas...

